

Oreiga 13-6-2014



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
Dirección Xeral de Conservación da Natureza

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA  
REGISTRO DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 11/06/2014 10:44:07

SAÍDA 6832 / RX 502242



galicia

**Asunto: apertura trámite de audiencia (proxecto de decreto polo que se modifica o decreto 67/2007, do 22 de marzo, polo que se regula o Catálogo galego de árbores senlleiras)**

Esta consellería está a tramitar o proxecto de decreto polo que se modifica o **Decreto 67/2007, do 22 de marzo, polo que se regula o Catálogo galego de árbores senlleiras.**

En cumprimento do establecido no artigo 42.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, remítolle o texto do citado proxecto de decreto, para que formule as alegacións que estime pertinentes **no prazo de quince días hábiles** que se contarán desde o día seguinte ao da recepción do presente escrito.

En Santiago de Compostela a 10 de xuño de 2014

A directora xeral de Conservación da Natureza

Verónica Tellado Barcia

Dª. Adela Figueroa Panise  
Asociación para a Defensa Ecológica de Galicia  
Travesa dos Basquiños, 9 - baixo  
15704. Santiago de Compostela  
A Coruña

DE ASÍS A COMPOSTELA  
Orix 800  
www.oasisgal.org  
14.2014



**PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE MODIFICA O DECRETO 67/2007, DO 22 DE MARZO, POLO QUE SE REGULA O CATÁLOGO GALEGO DE ARBORES SENLLEIRAS.**

O 17 de abril de 2007, publicouse no Diario Oficial de Galicia o decreto 67/2007, do 22 de marzo, polo que se regula o catálogo Galego de Arbores Senlleiras. O tempo transcorrido desde a súa publicación pon de manifesto a necesidade de simplificar o procedemento administrativo previsto para a catalogación e descatalogación destas árbores, xa que logo, este procedemento conta cunha tramitación complexa que difire a súa resolución mais alá do desexable.

Neste mesmo sentido, a experiencia acumulada na tramitación destas solicitudes de catalogación aconsella modificar o réxime de protección preventiva a aplicar no momento de se formular unha solicitude de catalogación. Efectivamente, a aplicación inmediata e automática desta protección inicial supón de por si a paralización preventiva de calquera outro proxecto ou procedemento co que pode estar relacionado, feito que resulta especialmente gravoso en supostos nos que a solicitude versa sobre árbores ou formacións que non reunirían de inicio característica ou valor algúin para disfrutar da dita protección preventiva, nin polo tanto para a súa posterior catalogación.

Finalmente e co ánimo de facer mais áxil e dinámico todo este procedemento de catalogación, procede modificar así mesmo o funcionamento do Comité de Árbores Senlleiras, non só no relativo ás súas funcións, senón tamén nas previsións referidas ás súas reunións, deixando que sexa o propio comité o que determine a periodicidade de convocatoria no seu propio regulamento de funcionamento.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, de acordo/oido co ditame do Consello Consultivo de Galicia e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día.....de.....de dous mil catorce,

**DISPOÑO**

**Artigo único. Modificación do decreto 67/2007, do 22 de marzo, polo que se regula o Catálogo Galego de Arbores Senlleiras**

**Primeiro.** Dáse nova redacción ao artigo 4 do decreto 67/2007, do 22 de marzo, que queda redactado como segue:

"Artigo 4. Procedemento de catalogación e descatalogación.

1. A inclusión ou exclusión das árbores e das formacións de calquera especie no catálogo farase mediante resolución da xefatura territorial da consellería competente en materia de conservación da natureza, en función do lugar onde se localicen os exemplares.

DE ASÍS A COMPOSTELA  
DENO 800  
1214.2014



2. A iniciación do procedemento de catalogación ou descatalogación farase de oficio pola consellería consellería competente en materia de conservación da natureza ou a instancia de parte.

3. Poderán instar o inicio do correspondente procedemento as persoas propietarias das árbores ou formacións, outras administracións públicas, centros de investigación ou asociacións e entidades privadas ou públicas que teñan entre os fins estatutarios a protección da natureza, mediante a presentación do modelo de solicitude de inclusión que figura no anexo III, acompañada da memoria xustificativa e de toda a información adicional da súa condición de senlleiro.

Esta solicitude poderase presentar en calquera das dependencias sinaladas no artigo 38.4 da lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo comú. As solicitudes dirixiranse ás xefaturas territoriais correspondentes desta consellería, en atención ao lugar no que se atopa a arbore ou formación obxecto desta solicitude.

4. No caso de que a documentación presentada sexa insuficiente, a xefatura territorial requirirá ao interesado, conforme prevé o artigo 71 da lei 30/1992, do 26 de novembro, para que nun prazo de dez días, subsane a falta ou presente aos documentos preceptivos coa indicación de que se así non o fixese, teríase por desistido da súa solicitude, logo da resolución ditada en tal sentido.

5. Previamente á resolución de catalogación darase audiencia ás persoas propietarias dos exemplares ou aos seus representantes.

6. Este procedemento terán un prazo máximo de resolución de seis meses a contar:

- . Naqueles procedementos iniciados de oficio pola Administración, a partires da data do acordo de inicio.
- . Naqueles procedementos iniciados a instancia de parte, desde a data na que a correspondente solicitude tivese entrada na consellería competente en materia de conservación da natureza.

7. Logo de transcorrido o prazo de seis meses referido no apartado anterior, sen que Administración teña resolto o procedemento, estarase en materia de silencio administrativo ao disposto nos artigos 43 e 44 da lei 30/1992, do 26 de novembro.

8. A descatalogación producirase como consecuencia da morte biolóxica ou da perda dos valores que motivaron a súa inclusión".

**Segundo.** Engádese un artigo 4.bis co seguinte tenor:

."Artigo 4 bis. Efectos da iniciación do procedemento.

A iniciación do procedemento de catalogación dun exemplar ou formación singular só conllevará a aplicación inmediata e provisional das medidas de protección establecidas neste decreto, cando así se acorde pola xefatura territorial correspondente mediante resolución motivada, previa ponderación dos valores ambientais a protexer da árbore ou da formación obxecto da solicitude".

DE ASÍS A COMARCA  
800  
EERA  
12.14.2014



**Terceiro.** Dáse nova redacción ao artigo 6 do decreto 67/2007, do 22 de marzo, que queda redactado como segue:

"Artigo 6. Funcións do Comité das Árbores Senlleiras.

O Comité das Árbores Senlleiras terá particularmente as seguintes funcións:

- a) Establecer os criterios de inclusión no catálogo, atendendo aos indicadores relacionados cos méritos recollidos no artigo 2.
- b) Propor a catalogación ou descatalogación das árbores e formacións singulares, en base a información debidamente documentada.
- c) Emitir informe sobre as solicitudes de catalogación presentadas, naqueles supostos en que así o considere oportuno a xefatura territorial correspondente. Estes informes serán facultativos e non vinculantes, sendo emitidos polo Comité de Árbores Senlleiras no prazo máximo de quince días desde a súa solicitude.
- d) Informar os diferentes plans de xestión que se elaboren para cada un dos exemplares e formacións catalogadas.
- e) Aconsellar sobre as medidas de conservación e informar dos diferentes tratamentos fitosanitarios que se levan a cabo".

**Cuarto.** Dáse nova redacción ao artigo 7 do decreto 67/2007, do 22 de marzo, que queda redactado como segue:

"Artigo 7. Funcionamento do Comité das Árbores Senlleiras.

1. O réxime de funcionamento do Comité das Árbores Senlleiras axustarase ao previsto no capítulo II do título II da lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O réxime de convocatorias será establecido polo Comité no seu propio regulamento de funcionamento".

**Quinto.** Dáse nova redacción ao artigo 9 do decreto 67/2007, do 22 de marzo, que queda redactado como segue:

"Artigo 9. Protección.

1. As árbores e formacións singulares que se inclúan no catálogo considéranse protexidas a todos os efectos.

2. A protección implica a prohibición de calquera acción que poida afectar negativamente a súa integridade, a súa saúde e a súa apariencia. No caso de formacións naturais esta protección entenderase aplicable tamén a todo o seu cortexo florístico.

DE ASÍS A COMITÉ  
OKTO 800  
compartido  
1214.2014



3. Os proxectos cuxa execución poidan ameazar os valores naturais, culturais, científicos, didácticos ou doura orde, de árbores ou formacións singulares necesitarán autorización administrativa previa da correspondente xefatura territorial da consellería competente en materia de conservación da natureza.

4. A realización de actuacións como podas ou tratamentos fitosanitarios, cando sexan necesarias para a conservación do propio exemplar só precisarán da comunicación previa á xefatura territorial, para o suposto de terse aprobado o correspondente plan de xestión. No caso contrario, estarán sometidas á autorización administrativa da xefatura territorial, que deberá outorgala no prazo máximo de tres meses, entendéndose outorgada de non se ter ditado resolución expresa no dito prazo, de acordo cos artigos 42 e 43 da lei 30/1992, do 26 de novembro.

No suposto de existir un perigo ou risco inmediato para a seguridade das persoas, así como nos supostos de especial gravidade no ámbito da sanidade vexetal, solicitarase autorización previa á correspondente xefatura territorial da consellería competente en materia de conservación da natureza para poder realizar as actuacións de poda, tratamento fitosanitario e mesmo da eliminación da árbore ou formación. De non se resolver a dita solicitude no prazo de 10 días, entenderase estimada a solicitude de autorización, de acordo co previsto no artigo 43 da lei 30/1992, do 26 de novembro".

#### Disposición transitoria única.

As solicitudes de catalogación formuladas con anterioridade á data de entrada en vigor do presente decreto tramitaranse polo procedemento vixente no momento de se formular a solicitude.

#### Disposición derradeira

Este decreto entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no diario oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, de de douce mil catorce

O Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio  
e Infraestruturas.

Agustín Hernández Fernández de Rojas

O Presidente

Alberto Núñez Feijoo

